



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Don Xesús Mato Mato achega en 2010 ao Museo do Pobo Galego 39 casetes con gravacións de campo efectuadas principalmente na provincia de Lugo desde comezos da década de 1970. As casetes, dixitalizadas nunha primeira fase en arquivos continuos de alta calidade, foron despois editadas en cortes independentes nun formato comprimido. O museo conserva sempre ambos arquivos, nesta e nas outras coleccións, para a súa consulta e estudo.

Na documentación das cintas da súa colección o autor sinala que «a maioría das recollas foron feitas en grupo (en xuntanzas nas coziñas, fiandóns, á saída das misas, despois de traballos ou preparando as festas do Nadal, da Semana Santa e tamén despois de actuacións de agrupacións como Fuxan os Ventos, Treboada, A Quenlla, [e con membros de] María Castaña, Xamaraina e outros grupos de investigadores.» A colección contén tamén copia de material cedido por outros compiladores, amigos e colaboradores do autor.

[15-01-2017]



Xesús Mato